

Coordinación: Luís Ventoso | Marta Otero

ESCRITORAS DO MES

LAURA TATO
ESCRITORA

«EN BOA MEDIDA, EU ESCRIBO PARA OS MEUS ALUMNOS»

A profesora Laura Tato (Vigo, 1951) brilla con luz propia en Galicia, pero tamén fóra dela, no imprescindible, e sempre insuficientemente valorado, xénero do ensaio. Experta na obra de autores como Xaime Quintanilla Martínez ou Pero Meendiz da Fonseca, as súas investigacións abranguen fundamentalmente dous ámbitos: o do teatro galego e o da lírica medieval galego-portuguesa. Tras a publicación, naturalmente en edición crítica, do cancionero completo do mencionado nobre poeta portugués, actualmente vén de rematar un estudo sobre *Muller e teatro*, elaborado por encargo do Consello da Cultura. Profesora da Universidade da Coruña, ao seu empeño persoal obedeceu, fundamentalmente, o nacemento da Biblioteca Virtual Galega. Todo un fito, no seu momento.

—¿Por que o ensaio segue a ser un xénero tan pouco frecuente do polo público galego?

—Home, eu non estou por completo de acordo con esa afirmación túa. Véxase, por exemplo, o último ensaio de Murado, que foi un libro moi vendido. E o mesmo ten acontecido con moitos libros de Pepe Chao Rego. O que ocorre é que o ensaio foi o xénero que máis tardou en cultivarse na literatura galega, como en todas as literaturas periféricas. Porque as literaturas que non están de todo normalizadas comezaron, habitualmente, co cultivo da lírica. Máis tarde veu a narrativa, e o ensaio chega, por suposto, en último lugar. Mesmo non é raro que incluso o ensaio apareza máis tarde que o teatro. E dentro do ensaio, o normal é que o primeiro en aparecer sexa o ensaio político, e a continuación a investigación histórica e a literaria, que habitualmente xorden en paralelo. Entón, se temos en conta estas circunstancias, non podemos pensar que hai tan poucos lectores de ensaio, porque en certa medida son un público especializado.

—¿Nunca se sentiu vostede ten-

tada pola creación literaria?

—Pois de momento, non. O ensaio forma parte da miña profesión. En boa medida, eu escribo para os meus alumnos. Para os meus alumnos e para os futuros investigadores, que case vén ser o mesmo. Nós temos que construír. E todo traballo de estudo se constrúe sobre o que fixo a xente que nos precedeu. Eu construí sobre o que traballaron arredor do teatro, entre outros, Manuel Lourenzo e Francisco Pillado. E sobre o que eu estou facendo, fíxen ou farei, seguirán e seguen construíndo outros investigadores máis novos, como Yolanda Ogando e Carlos Vizcaino, que son dous profesores universitarios, especialistas tamén e teatro galego, que xa teñen publicacións moi recoñecidas.

—E co teatro, ante o público, ¿que ocorre? ¿Canto do que se escribe segue sen subir aos escenarios para ser representado?

—Eu creo que aínda moito máis do que sería desexable. Moito do que se escribe, non chega a coñecerse xamais, lamentablemente. E isto coarta a produción dramática galega. De todas maneiras, o que pode estar pasando tamén é que ás veces non se escriba para o teatro porque non se pode montar. Temos unha serie de dramaturgos de recoñecida traxectoria que están a escribir só para as súas compañías. Mais tamén hai unha xeración de xente nova que non ten compañía, e á que lle queda como única vía para dar a coñecer o que fai o mundo dos concursos; isto, para publicar, e despois aínda queda montar as obras.

—Á marxe do anterior, o que si é certo é que o teatro galego si ten xa hoxe un público moi estable. E non moi lonxe do Ferrol no que vostede reside está o caso de Narón.

—Si, hai un público estable. E un público, ademais, que vai en aumento. Narón é un bo exemplo, porque é un dos concellos que apostou desde sempre, e xa



Laura Tato é profesora de Literatura Galega en Ferrol

en momentos moi difíciles, polo teatro galego. É a demostración de que o público se fai mantendo unha programación fixa e anual. A xente vai ao teatro se sabe que vai haber teatro con regularidade e nos días de ocio. É dicir, fundamentalmente nas fins de semana, e non como algo esporádico.

—Hai moitos anos, eu, que por certo fun alumno seu, sentílle dicir algo que recordo con frecuencia. Afirmaba vostede que unha das principais fortalezas do galego era pertencer a un pobo con grande capacidade de resistencia. ¿Segue hoxe pensando o mesmo?

—Si, sigo pensando o mesmo. Fundamentalmente penso iso. A pesar de que estamos a pasar un momento extraordinariamente difícil. Porque esta é a primeira vez na que o galego é atacado desde as institucións que teñen a obriga de defendelo: a Consellería de Educación e a de Cultura. Por tanto, o Goberno galego. De todas formas, espero que consigamos resistir. Porque este Goberno non vai durar eternamente. Confío niso. O problema é que recuamos en logros que cada vez custará máis recuperar. Estamos perdendo falantes, estamos perdendo o prestixio da lingua por culpa dos ataques continuos que o idioma recibe. Estamos vivindo de novo situacións que todos pensabamos

que xa morreran coa ditadura.

—Pero ¿é certo, polo menos, que os sectores que defenden a lingua están cada vez máis comprometidos con ela?

—Si, efectivamente. Iso si é certo. O compromiso de quen defende o galego é cada vez maior. E resulta lamentable que unha vez que a literatura galega ten recoñecido o seu valor fóra de Galicia, con premios nacionais en diferentes xéneros e escritores traducidos a moitas linguas, agora, desde dentro, se tiren pedras contra o propio tellado. Xa non só non se protexe, senón que se ataca o que é de todos. O que estamos a vivir non ten ningún sentido. Nunca pensei ver de novo algo así.

—¿Cal é o hoxe o valor real da literatura galega?

—Hoxe temos narradores e poetas que non teñen nada que envexar a ningunha outra literatura do mundo. Pero ademais, a literatura galega ten o valor simbólico de representar a un pobo sen Estado. Contra calquera ataque, nós podemos presentar unha lista de narradores e poetas, e de dramaturgos e ensaístas, que nada teñen que envexar á literatura española, por exemplo. E para un pobo sen Estado a literatura ten unha dimensión maior. Pero eu teño esperanza. Confío en que a forza dos feitos acabará por impoñerse á senrazón.

POR
Ramón Loureiro